



**CONCELLO DE  
PONTEVEDRA**

DIRECCIÓN XERAL DA ÁREA DE URBANISMO E SERVIZOS XERAIS  
OFICINA TÉCNICA DE REHABILITACIÓN  
PLC/PRA

**CONCELLO DE PONTEVEDRA**

**ANUNCIO DE AXUDA CONCEDIDA POLA REHABILITACIÓN DE EDIFICIO NO EIDO DA ÁREA DE REHABILITACIÓN INTEGRAL (ARI) DO CONXUNTO HISTÓRICO DE PONTEVEDRA**

Por Decretos da Concelleira Delegada da Área de Contratación e Facenda, prestábase aprobación definitiva a axudas na ARI do Conxunto Histórico de Pontevedra, e aos correspondentes gastos ordenando os seus pagos a favor dos solicitantes de subvencións para a rehabilitación de edificios dentro da ARI do Conxunto de Pontevedra.

Asemade, dispoñíase que unha vez rematada a tramitación dos expedientes de solicitude de subvencións, procederíase a publicar unha relación das axudas concedidas no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, na sede electrónica <https://sede.pontevedra.gal>, e no BOP ao abeiro do que establece o artigo 28 das Bases que as regulan (BOP núm. 245, de 21/12/15).

En virtude do exposto faise pública a concesión de subvención do seguinte interesado:

EXPEDIENTE	NOME	OBXECTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN
P-AR-0102/16	CP rúa Alta, 1	Axuda concedida na ARI do Conxunto Histórico de Pontevedra	44.000 €

**RECURSOS PROCEDENTES:**

Contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, o interesado poderá interpoñer o RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado competente desta orde de Pontevedra, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación (arts 46 e 14 da Lei 29/1998). Non obstante, potestativamente, poderá interpoñerse o recurso de REPOSICIÓN ante o órgano que o ditou, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación (art. 124 da Lei 39/2015). Isto sen prexuízo de interpoñer calquera outro recurso que estime e sexa conforme a Dereito.

O recurso de reposición deberase resolver e notificar no prazo dun mes, entendéndose desestimado polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa e notificada (arts 124 e 24.2 da Lei 39/2015). Neste caso poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados desde o día seguinte a aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado (art. 46.1 e 4 da Lei 29/1998).

Pontevedra, 9 de abril de 2018.- A Concelleira responsable da Área de Accesibilidade, Patrimonio Histórico e Medio Ambiente Urbano, Anabel Gulías Torreiro.- O Secretario da Administración Municipal, José Carlos Castiñeira Piñeiro.

Asinado por: JOSE CARLOS CASTIÑEIRA PIÑEIRO  
Servizo: SECRETARÍA DA ADMINISTRACIÓN MUNICIPAL  
Cargo: SECRETARIO  
Data: 10/04/2018

Asinado por: ANABEL GULIAS TORREIRO  
Cargo: CONCELLEIRA  
Data: 09/04/2018  
Este documento foi asinado electrónicamente conforme á lexislación de sinatura electrónica



Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: <https://sede.pontevedra.gal> introducindo o seguinte código seguro de verificación:JV21X41WCD1FAU3Q

Este documento foi asinado electrónicamente no Concello de Pontevedra. Pode comprobar a súa autenticidade en: <https://sede.pontevedra.gal> introducindo o seguinte código seguro de verificación:SGVZG5YTCHNJGW2H